



ALBERGUE XUVENIL "LUG2" LUGO

DATOS XERAIS: con capacidade para 75 prazas en habitacións de 2, 3 e 4 camas. Conta con comedor, cociña, salón de actos, salas para actividades, e zona verde

ACCESOS: Por **estrada:** **Coruña – Lugo** AP9 desde avda. De Arteixo incorporación á avda. Alcalde Alfonso Molina AC11, tomar a A6 dirección Lugo – Madrid saída 500 nacional VI. **Pontevedra – Lugo e Vigo - Lugo** AP9 dirección Santiago, tomar a saída 16 cara a A6 dirección Arteixo – Lugo – Madrid, na A6 saída 500 cara a nacional VI. **Ourense – Lugo** nacional 120 dirección Monforte de Lemos, coller a saída cara a CG-2.1 Chantada, PO-553, tomar a VG-2.1 dirección Monforte de Lemos oeste, LU-546, continuar por CG-2.2 e na rotonda tomara terceira saída cara a nacional VI. **Santiago – Lugo** incorporación á A54 dirección Lugo, aeroporto, Oviedo, continuar pola nacional 547 ata a A54 coller a saída 7 cara a LU12, LU612 Portomarín. **Ferrol – Lugo** incorporación á AG64 dirección As Pontes, na rotonda tomar a saída dirección Lugo, Coruña A8, continuar ata a saída dirección Lugo, Madrid A6, tomar a saída 500 cara a nacional VI.

ENDEREZO: Albergue Xuvenil "LUG 2", Rúa Pintor Corredoira, 4 27002 Lugo. Teléfonos: 982 828 496

| QUENDA | ANOS NACEMENTO | DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES |
|----------------|----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1-8 de xullo | 07-08-09 | <p align="center">O MUSICAL</p> <p>Potenciación da participación, compañeirismo e solidariedade a través da práctica de actividades deportivas, socioculturais e tempo libre, obtención de coñecementos de expresión corporal, teatro, danza e canto.</p> |
| 11-18 de xullo | 07-08-09 | <p>Actividades: obradoiros de expresión corporal, lipdub, cancións, danza, improvisación, decorados, iluminación, son, vestuario e publicidade, escalada, tiro con arco, deportes alternativos, piscina fluvial, obradoiro podcast, etc</p> <p>NOTA: Para participar nestes campamentos non se esixe saber nadar. As persoas que non saben nadar non poderán participar naquelas actividades que, de ser o caso, se desenvolvan na auga.</p> |

NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.
2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.
3. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas



alleas á instalación.

4. Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicará ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirá as chamadas fora do horario sinalado por causa xustificada.

5. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberase comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

8. Na páxina web, no apartado "Documentación para presentar (fase de adxudicación)", estará dispoñible o modelos de autorización para recollida do menor e outra información de interese.

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A **incorporación** realizarase o **día do inicio da quenda correspondente**, entre as **10.00 e as 13.00 horas** no Albergue xuvenil LUG2 (Lugo).

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación pode contactar co teléfono: 682545968 durante os tres días anteriores á incorporación ao campamento.

- O día de **remate da quenda, a recollida das persoas participantes** deberá facerse entre as **12:00 e as 14.00** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Cantimplora
- Chaleco reflector

MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Útiles de aseo
- Crema protectora solar
- Traxes de baño



- Sandalias pechadas con velcro
- Sombreiro ou gorra
- Camisetas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Repelente para os mosquitos
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiros ou forro polar, chubasqueiro
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roupa interior suficiente para todos os días da quenda
- Lanterna
- Bolígrafo e caderno

O horario básico da quenda será o seguinte:

| |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 08.30 h. Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios |
| 09.00 h. Almorzo |
| 09.30 h. Actíva-T (desprazamento, de ser o caso). |
| 10.00 h. Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio) |
| 13.50 h. Remate das actividades de mañá, recollida e desinfección do material e aseo |
| 14.10 h. Xantar |
| 15.00 h. Aseo |
| 15.10 h. Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso) |
| 16.00 h. Actividades de tarde (con interrupción para merendar) |
| 19.50 h. Remate das actividades de tarde, recollida e desinfección do material |
| 20.10 h. Ducha, tempo libre xestionado |
| 21.00 h. Cea |
| 21.30 h. Tempo libre xestionado |
| 22.00 h. Escoita activa |
| 22.20 h. Velada |
| 23.30 h. Deitarse |